

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

**1149** *Orde ESS/77/2017, do 3 de febreiro, pola que se establecen para o ano 2017 as bases de cotización á Seguridade Social dos traballadores do réxime especial do mar incluídos nos grupos segundo e terceiro.*

O artigo 115, punto sete.2, da prorrogada Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado do ano 2016, establece que a cotización para todas as continxencias e situacións protexidas no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar incluídos nos grupos segundo e terceiro, a que se refire o artigo 10 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, así como o artigo 54 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, se efectuará sobre as remuneracións que se determinen mediante orde do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, por proposta do Instituto Social da Mariña, oídas as organizacións representativas do sector. Tal determinación efectuarase por provincias, modalidades de pesca e categorías profesionais, sobre a base dos valores medios de remuneración percibida no ano precedente.

A tal finalidade responde o contido desta orde, mediante a cal se determinan, en función dos valores medios das remuneracións percibidas no ano 2016, as bases únicas para a cotización por continxencias comúns e profesionais segundo provincias, modalidades de pesca e categorías profesionais.

Na elaboración desta orde seguíronse os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, regulados no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Desta maneira, a orde responde á necesidade de determinar as bases anuais de cotización dos traballadores do mar incluídos nos grupos segundo e terceiro de cotización. É coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e co ordenamento xurídico da Unión Europea, posto que se dita para desenvolver as previsións contidas na Lei de orzamentos xerais do Estado. É eficaz e proporcional xa que regula os aspectos imprescindibles para que os suxeitos responsables poidan efectuar a cotización, determina a contía das bases e a súa aplicabilidade, así como o prazo para o ingreso das diferenzas de cotización, e proporciona a seguridade xurídica necesaria ás persoas afectadas. Así mesmo, é eficiente e a súa aplicación non impón cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

De conformidade co disposto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, esta orde someteuse ao trámite de audiencia e información pública a través da consulta directa ás organizacións empresariais e sindicais representativas do sector pesqueiro e da súa publicación no portal web do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Esta orde dítase en uso da habilitación conferida polo artigo 115, punto sete.2, da prorrogada Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado do ano 2016, para o 2017.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispuxen:

Artigo único. *Determinación das bases de cotización.*

As bases únicas de cotización dos traballadores incluídos nos grupos segundo e terceiro, a que se refire o artigo 10 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, así como o artigo 54.2 e 3 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da

Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, para todas as continxencias e situacións protexidas no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, quedan establecidas para o ano 2017 nas contías que se reflicten nos anexos desta orde, sen prexuízo do establecido no artigo 11 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, en relación cos coeficientes correctores.

Respecto dos traballadores por conta propia, e debido ao carácter mensual da súa cotización, naqueles casos en que, con motivo de cambios de provincia, modalidades de pesca ou categorías profesionais, teñan que modificar a base de cotización, os efectos da dita modificación produciranse a partir do día primeiro do mes seguinte, e ata ese momento manterase a base de cotización pola que viñan cotizando.

Disposición transitoria única. *Ingreso de diferenzas de cotización.*

As diferenzas de cotización que se poidan producir pola aplicación das bases de cotización establecidas nesta orde respecto das cotizacións que a partir do 1 de xaneiro de 2017 se efectuasen poderán ser ingresadas, sen recarga, no prazo que finaliza o último día do segundo mes seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, con efectos desde o día 1 de xaneiro de 2017.

Madrid, 3 de febreiro de 2017.–A ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez García.

## ANEXO I

### Bases grupo segundo A (embarcacións entre 50,01 e 150 T.R.B.)

Ano 2017

Zona norte

	Modalidade de pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
		1 a 7	8	9 a 11
A Coruña. Lugo. Vigo. Vilagarcía. Asturias.	Arrastre, palangre de fondo e volantas en caladoiros internac. (excepto África).	2.538,00	1.815,00	1.665,00
	Arrastre en caladoiro nacional e costa de Portugal. Palangre de fondo e volantas en costa de África. Palangre de superficie.	2.340,00	1.572,00	1.464,00
	Palangre de fondo, cerco e outras artes en caladoiros nacionais.	1.836,00	1.476,00	1.383,00
Cantabria.	Arrastre.	2.538,00	1.815,00	1.665,00
	Palangre.	1.836,00	1.476,00	1.464,00
	Cerco.	1.644,00	1.395,00	1.395,00
Gipuzkoa.	Cerco e palangre.	1.944,00	1.593,00	1.593,00
	Arrastre.	2.979,00	1.968,00	1.713,00
	Outras artes.	2.709,00	1.848,00	1.680,00
Bizkaia.	Artes fixas.	2.694,00	1.767,00	1.680,00
	Arrastre.	2.979,00	1.968,00	1.713,00
	Anzol e cerco.	1.899,00	1.587,00	1.587,00

## Zona leste

	Modalidade de pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
		1 a 7	8	9 a 11
Alacant. Castelló. Valencia. Illes Balears. Barcelona Girona. Tarragona. Murcia.	–	1.872,00	1.554,00	1.554,00

## Zona sur

	Modalidade de pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
		1 a 7	8	9 a 11
Almería.	–	1.719,00	1.491,00	1.491,00
Cádiz.	–	1.719,00	1.392,00	1.392,00
Huelva.	Arrastre en augas internacionais.	2.511,00	1.728,00	1.554,00
	Arrastre, cerco e palangre.	2.058,00	1.449,00	1.392,00
Málaga. Granada. Melilla. Ceuta.	–	1.563,00	1.449,00	1.449,00
Las Palmas. Tenerife.	–	2.511,00	1.689,00	1.554,00

## ANEXO II

## Bases grupo segundo B (embarcacións entre 10,01 e 50 T.R.B.)

Ano 2017

## Zona norte

	Modalidade de pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
		1 a 7	8	9 a 11
A Coruña. Lugo. Vigo. Vilagarcía. Asturias.	Palangre de fondo e volantas na costa de África.	2.340,00	1.572,00	1.464,00
	Palangre, cerco e outras artes menores.	1.704,00	1.347,00	1.347,00
Cantabria	Arrastre e palangre.	1.704,00	1.347,00	1.347,00
	Cerco.	1.644,00	1.347,00	1.347,00
Gipuzkoa.	Cerco, palangre, anzol e artes fixas.	1.899,00	1.578,00	1.578,00
	Arrastre.	2.970,00	1.962,00	1.707,00
Bizkaia.	–	1.899,00	1.587,00	1.587,00

## Zona leste

	Modalidade de pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
		1 a 7	8	9 a 11
Alacant. Castelló. Valencia. Illes Balears. Barcelona. Girona. Tarragona. Murcia.	–	1.872,00	1.554,00	1.554,00

## Zona sur

	Modalidade de pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
		1 a 7	8	9 a 11
Almería.	–	1.611,00	1.491,00	1.491,00
Cádiz.	Arrastre, cerco e palangre.	1.611,00	1.287,00	1.287,00
Huelva.	Arrastre, cerco e palangre.	1.611,00	1.287,00	1.287,00
	Outras modalidades.	1.494,00	1.287,00	1.287,00
Málaga. Granada. Ceuta.	–	1.563,00	1.287,00	1.287,00
Las Palmas. Tenerife.	Palangre, cerco e outras artes menores	1.563,00	1.287,00	1.287,00
	Palangre en augas internacionais	2.235,00	1.536,00	1.374,00

## ANEXO III

## Bases grupo terceiro

Ano 2017

## Zona norte

	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización	
	3 e 4	8 a 11
A Coruña. Lugo. Vigo. Vilagarcía. Asturias. Cantabria.	1.431,00	1.314,00
Gipuzkoa. Bizkaia.	1.500,00	1.377,00
		1.200,00*

## Zona leste

	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización	
	3 e 4	8 a 11
Alacant. Castelló. Valencia. Illes Balears. Barcelona. Girona. Tarragona. Murcia.	1.620,00	1.377,00

## Zona sur

	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización	
	3 e 4	8 a 11
Almería.	1.491,00	1.353,00
Cádiz. Huelva. Málaga. Granada. Sevilla. Melilla. Ceuta. Las Palmas. Tenerife.	1.419,00	1.272,00

\* Grupo 10 de cotización: neskatillas, empacadoras, mariscador a pé.